

# Educación Primaria Área Religión Católica

(Nivel 2 de desenvolvemento curricular)



**CURSO 2021-2022**

**Profesor Especialista: Juan Santiago Iglesias Sanlés  
"C.E.I.P. ESCULTOR ACUÑA"**

## **ADVERTENCIA PREVIA**

A necesaria referencia ao contexto Covid que agardamos dea paso durante este curso ao contexto escolar de normalidade fai que o presente documento se complete con diferentes plans de centro, especialmente co PLAN DE ENSINO VIRTUAL que de ser o caso se implementaría nas aulas. É por eso que esta programación se presenta de modo provisional e será revisada e adaptada se as circunstancias o requiren ao principio do segundo trimestre deste curso escolar.

## ÍNDICE

1.	<u>Introdución e contextualización</u>	4
2.	<u>Contribución da área da relixión católica ao desenvolvemento das competencias clave</u>	5
3.	<u>O traballo con competencias clave.</u>	6
4.	<u>Obxetivos específicos da área de Relixión.</u>	7
5.	<u>Criterios de avaliación e cualificación</u>	9
6.	<u>Concrecións metodolóxicas da materia.</u>	18
7.	<u>Materiais e recursos didácticos da materia.</u>	19
8.	<u>Atención á diversidade</u>	20
9.	<u>Temporalización</u>	22

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O currículo do ensino da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte da gran herdanza cultural e artística que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos en diálogo coa do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos e favorece os hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade e no tempo de cada etapa.

A presente programación forma parte dun proxecto completo de 1.º a 6.º de Educación Primaria que se adapta ao ritmo e necesidades de cada idade, mantendo a coherencia na secuenciación de contidos, metodoloxía e claves pedagóxicas para a etapa.

Das claves pedagóxicas desta programación quero destacar que:

- Nun horizonte de formación integral, a nosa programación asume o reto da **educación emocional** como elemento esencial do proceso de aprendizaxe. Pretendo axudar os alumnos a nomear o seu mundo emocional para regulalo, e integrar as emocións nos contidos relixiosos.
- Partindo das **intelixencias múltiples** que diferencian os itinerarios persoais de aprendizaxe de cada alumno, a miña programación propón actividades diferentes para traballar cada unha das oito intelixencias: lingüística-verbal, lóxico-matemática, visual-espacial, corporal-cinestésica, musical, interpersonal, intrapersonal e naturalista.
- Como suxire a lexislación, a programación baséase nunha metodoloxía que promove o desenvolvemento das **competencias clave**. As aprendizaxes significativas na área de relixión articúlanse xunto ás doutras materias dotando aos alumnos de coñecementos de proveito para a súa vida cotiá.
- Mediante estratexias de **aprendizaxe cooperativa** e o uso de ferramentas **TIC**, os alumnos poden deseñar itinerarios personalizados que poden adaptarse con flexibilidade aos diferentes ritmos de aprendizaxe e circunstancias do grupo.

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O ensino relixioso católico como materia integrada no currículo do alumno contribúe tamén, de xeito importante, á maioría das competencias clave do currículo. Con todo, esta contribución non obsta para que a área de relixión e moral católica concrete e especifique as súas propias competencias.

A relixión e moral católica aporta á **competencia cultural e artística**, unha valoración crítica da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas se se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos.

Con relación á **competencia social e cívica**, o ensino relixioso católico aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, para facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade.

Iso comporta mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Cristo e axuda, en consecuencia, a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns. No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas esixencias éticas de convivencia, participación e respecto á diversidade sexan consecuencias da fe cristiá.

O ensino relixioso católico aporta elementos básicos en canto ao logro da competencia en **comunicación lingüística** pois sérvese da linguaxe académica, das linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, nos diversos modos de comunicación que a acción de Deus utilizou sobre o home. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, a linguaxe, en fin, testemuñal que fai posible a transmisión vital do coñecido.

A competencia para a **autonomía e iniciativa persoal** non poderá realizarse no alumno se non comeza xa a adestrarse no coñecemento de si mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido.

A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida e, xa que logo, ao sentido da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Unha cosmovisión que

fai posible a formación integral do alumno fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

En síntese, o ensino relixioso católico non se reduce a un ensino de valores; diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas e, sobre todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente.

O ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento da competencia de **aprender a aprender** no estudo e reflexión da Mensaxe cristiá facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propoñendo non só unha proposta consensual de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha ser crisol na procura da verdade e do ben.

## **O TRABALLO CON COMPETENCIAS CLAVE**

A contribución ao desenvolvemento das competencias básicas vén marcada polos estándares de aprendizaxe que se concretan en descritores. Estes trabállanse e avalíanse mediante actividades.

É, por tanto, nas actividades ou tarefas onde incorporamos o tratamento ou desenvolvemento das competencias básicas.

Na programación de cada unidade didáctica están marcados os contidos que se abordan e as actividades que desenvolven as competencias básicas.

Ao final de cada unidade propónse unha avaliación competencial.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE RELIXIÓN CATÓLICA**

Son os establecidos para a Educación Primaria no currículo publicado pola Comisión de Ensino da Conferencia Episcopal Española.

1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.
3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo, movida polo Espírito.
6. Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.
7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, o fundamento para un estilo de vida cristián.
8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.
9. Recoñecer valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.
10. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.
11. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.
12. Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

## VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS E COMPETENCIA

OBXECTIVOS	COMPETENCIA ESPECÍFICA DA ÁREA	COMPETENCIA
1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cultural e histórica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicación lingüística</li> </ul>
2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cultural e histórica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicación lingüística</li> </ul>
3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cultural e histórica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicación lingüística</li> <li>Aprender a aprender</li> </ul>
4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Humanizadora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Social e cívica,</li> <li>Aprender a aprender</li> </ul>
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sentido transcendente</li> </ul>	
6. Identificar o significado dalgúns textos básicos do mensaxe cristián, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Humanizadora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingüística,</li> <li>Aprender a aprender</li> </ul>
7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida, o fundamento para un estilo de vida cristián.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Humanizadora,</li> <li>Sentido transcendente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Social e cívica,</li> </ul>
8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sentido e transcendencia</li> <li>Humanizadora</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Social e cívica,</li> </ul>
9. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ético-social,</li> <li>Humanizadora</li> </ul>	
10. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Humanizadora,</li> <li>Ético-social,</li> <li>Sentido transcendente</li> </ul>	
11. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sentido transcendente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender a aprender</li> </ul>
12. Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Epistemolóxica , Sentido transcendente,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprender a aprender</li> </ul>



**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN**

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	
<b>1º CURSO DE PRIMARIA</b>	
<b>BLOQUE1. O SENTIDO RELIXIOSO DO HOME.</b>	
. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao home.	Exprasa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.	Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.
<b>BLOQUE2. A REVELACIÓN: DEUS INTERVÉN NA HISTORIA.</b>	
Recoñecer e apreciar a relación paterno-filial entre Deus e o home	Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.
Deus crea o mundo e o home cuida da creación	Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc
<b>BLOQUE3. XESUCRISTO, CUMPRIMENTO DA HISTORIA DA SALVACIÓN.</b>	
Recoñecer e estimar que Xesús se fai home no seo dunha familia	Identifica a María e a Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes.
Relacionar lugares e	. Nomea e

acontecementos nos que Deus expresou o seu amor polos homes na vida de Xesús.	asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús
<b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b>	
Recoñecer que os cristiáns formamos unha familia.	Asocia as Características da familia da Igrexa coas da súa familia.
Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.	Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	
<b>2º CURSO DE PRIMARIA</b>	
<b>BLOQUE1.OSENTIDORELIXIOSODOHOME.</b>	
Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.	Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu ámbito.
Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.	Descobre e nomea situacións nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.
<b>BLOQUE2.AREVELACIÓN:DEUSINTERVÉNNAHISTORIA.</b>	
Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos	Coñece, memoriza e

	reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia
Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Dios Padre: protección, coidado e acompañamento.	Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos
<b>BLOQUE3.XESUCRISTO,CUMPRIMENTODAHISTORIADASALVACIÓN.</b>	
Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
Aprender o significado do tempo de Advento.	. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
<b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b>	
Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo
Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal	Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	

3º CURSO DE PRIMARIA	
<b>BLOQUE1.OSENTIDORELIXIOSODOHOME.</b>	
Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e ámbito son un don de Deus para a súa felicidade.	Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o ámbito son un regalo.
Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.
<b>BLOQUE2.AREVELACIÓN:DEUSINTERVÉNNAHISTORIA.</b>	
Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	Aprende e ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.
Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel.	Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar o pobo.
<b>BLOQUE3.XESUCRISTO,CUMPRIMENTODAHISTORIADASALVACIÓN.</b>	
Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.	Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.
Distinguir como Xesús fai felices os homes cos seus xestos e accións.	Descobre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os

	homes
<b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b>	
Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús	Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús
Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.	Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	
<b>4º CURSO DE PRIMARIA</b>	
<b>BLOQUE1.OSENTIDORELIXIOSODOHOME.</b>	
Descubrir nos relatos das relixións antigas a experiencia do pecado humano.	Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	Recorda e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.
<b>BLOQUE2.AREVELACIÓN:DEUSINTERVÉNNAHISTORIA.</b>	
Identificar a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o

	<p>rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.</p>
<p>Coñecer as características do perdón de Deus.</p>	<p>Descobre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos</p>
<p><b>BLOQUE3.XESUCRISTO,CUMPRIMENTODAHISTORIADASALVACIÓN.</b></p>	
<p>Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.</p>	<p>Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.</p>
<p>Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.</p>	<p>Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas</p>
<p><b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b></p>	
<p>Explicar que a través do sacramento da Reconciliación Deus concede o perdón</p>	<p>Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus</p>
<p>Diferenciar signos e momentos da celebración eucarística</p>	<p>Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.</p>

<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	
<b>5º CURSO DE PRIMARIA</b>	

<b>BLOQUE1.OSENTIDORELIXIOSODOHOME.</b>	
Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.	Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os trazos máis significativos
Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade	Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
<b>BLOQUE2.AREVELACIÓN:DEUSINTERVÉNNAHISTORIA.</b>	
Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo	Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.
Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.
<b>BLOQUE3.XESUCRISTO,CUMPRIMENTODAHISTORIADASALVACIÓN.</b>	
Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.
Coñecer e Interpretar o significado dos milagres de Xesús	Selecciona, xustifica a

como acción de Deus.	elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.
<b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b>	
Coñecer e respectar a composición da Igrexa	Identifica e describe os trazos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial.
Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo	Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>ÁREA DE EDUCACIÓN RELIXIOSA</b>	
<b>6º CURSO DE PRIMARIA</b>	
<b>BLOQUE1.OSENTIDORELIXIOSODOHOME.</b>	
Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude	Identifica e xulga situacións nas que reconece a imposibilidade e de ser feliz.
Recoñecer e aceptar a necesidade dun Salvador para ser feliz.	Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais
<b>BLOQUE2.AREVELACIÓN:DEUSINTERVÉNNAHISTORIA.</b>	
Descubrir e apreciar a	Identifica e



riqueza dos textos sapienciais na historia.	valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.
A sabedoría de Deus maniféstase na do home	Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.
<b>BLOQUE3.XESUCRISTO,CUMPRIMENTODAHISTORIADASALVACIÓN.</b>	
Distinguir que a través Xesús atopamos a Deus	Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Padre e esfórzase por comprender o seu significado.
Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ao Padre con situacións que viven os seres humanos
<b>BLOQUE4.PERMANENCIADEXESUCRISTONAHISTORIA:AIGREXA</b>	
Diferenciar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio

	están o servizo da Igrexa.
Identificar os trazos do tempo litúrxico da Pascua.	Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentar on os discípulos ao atoparse co Resucitado.

### **Cualificación da área:**

Logro académico global é o 70%

Tarefas, actitudes, compromiso escolar, responsabilidade é o 30%

### **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA**

No CEIP Escultor Acuña estamos a traballar na superación dun modelo tradicionalista baseado, maioritariamente, en actividades tipo exercicio a un modelo de transición que nos leve a actividades onde o modelo competencial da educación intégrase nas nosas prácticas diarias:

- Enfoque constructivista en Educación Infantil
- Grupos cooperativos en Educación Primaria
- Titorización entre iguais
- Actividades e tarefas con enfoque práctico e social
- Proxectos e minoproxectos de área
- Proxectos globalizados interáreas
- Portfolios persoais e de aula
- Tarefas de cooperación entre aulas
- Autoavaliacións, reflexións colectivas sobre a aprendizaxe, coavaliacións

No actual contexto COVID as actividades dixitais e de carácter globalizador terán ampla presenza na nosa Aula Virtual.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En relación a un modelo competencial, utilizaremos esta proposta, sempre aberta, de materiais e recursos para xestionar o proceso de ensino e aprendizaxe:

### ❖ **Recursos didácticos:**

#### ✓ Material impreso

- Guía do profesorado
- Láminas e murais.
- Dicionarios nas linguas correspondentes.
- Prensa (recortes de periódicos, revistas, etc).

#### ✓ Material tecnolóxico e audiovisual

- Ordenadores.
- Aula Virtual do centro
- Dominio educativo en Gsuite
- Pizarra dixital.
- CDs e DVDs.
- Procesadores de texto.
- Páxinas web.
- Blog do colexio.

### ❖ **Recursos ambientais:**

- Biblioteca de aula e de centro.
- Aula de informática.

### ❖ **Outros**

- Elementos da súa realidade social ( folletos, facturas, maquetas, planos...)
- Material da vida diaria das familias
- Material didáctico elaborado polo propio alumnado e o profesorado.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ao amparo do establecido no Real Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Deberán diferenciarse os alumnos/as que requiren **medidas ordinarias**, todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen **alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado:

- ✓ En primeiro lugar, deberán cubrirse a adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Ademais, teranse en conta a adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ En segundo lugar, teranse en conta a posta en práctica de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo e grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ✓ En terceiro lugar, haberá unha aula de convivencia, á que serán asignados aqueles alumnos que presenten unha conducta disruptiva e baixo a supervisión do profesor de garda farán os traballos que lles asigne o mestre. Os pais deben ser avisados destas condutas e a súa correspondente sanción.
- ✓ En cuarto lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que requiran reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Salientando os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas o plan específico de reforzo ou recuperación e apoio para E.Primaria.
- ✓ En quinto lugar, haberá un Programa de habilidades sociais elaborado polo Equipo de Orientación, que servirá para que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Este programa foi elaborado e porase en práctica co alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de convivencia. Coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo. Dito programa está incorporado ao plan de acción tutorial.
- ✓ Ademais, nalgúns casos aplicaranse **medidas extraordinarias** que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no

ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Entre estas medidas están:

- A realización ou renovación de Adaptacións curriculares (ACIs).

### Criterios xerais de intervención

No noso centro a atención á diversidade está organizada e consensuada dende o Departamento de Orientación. Todas as medidas de apoio, reforzo ou de adaptación ao currículo que realizan os especialistas de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e profesores de apoio, están coordinados, tras unha avaliación previa, dende o citado departamento, a titoría e a familia.

As distintas estratexias pedagóxicas iniciais a levar a cabo neste apartado están derivadas, polo tanto, da avaliación diagnóstica e das fortalezas e debilidades descubertas no grupo, a nivel xeral e nas individualidades. O alumnado recibirá tres niveis de medidas de atención educativa:

- Apoios e reforzos na aula e en aulas específicas, de ser o caso. (RE)
- Medidas de reforzo escolar no ámbito da familia (REF)
- Medidas de adaptación curricular (ACI)

As medidas de apoio educativa seguirán este procedemento:

- Detección de necesidades educativas por parte da titoría ou especialistas
- Avaliación a través do Departamento de Orientación
- Apoio e reforzo educativo realizado dos especialistas (AL e PT) e profesorado de apoio
- Avaliación da intervención educativa a través do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

Así mesmo, establecemos reunións e comunicacións cos gabinetes de apoio ao alumnado en horario externo co fin de unificar criterios na intervención educativa, de ser o caso .

### Criterios xerais de intervención sobre o grupo

Con posterioridade, nas distintas unidades didácticas faremos relación ao número de alumnos e alumnas no grupo, das súas rutinas de funcionamento ( se falan moito, se saben cambiar de actividade con facilidade, se saben autoorganizarse...), dos seus coñecementos e

competencias previas, etc.

### TEMPORALIZACIÓN:

PERIODO	1º PRIM.	2º PRIM.	3º PRIM.	4º PRIM.	5º PRIM.	6º PRIM
SETEMBRO	FIO-ME DE TI	UN GRAN AGASALLO	O AGASALLO DA CREACIÓN	DEUS SEMPRE ACOMPANA	A DERRADEI RA CEA	SEREDAS AS TIÑAS TESTEMUÑAS
OUTUBRO	¡ABRIMOS OS OLLOS!	TE ESPERABAMOS	TEMOS CONFIANZA EN DEUS	DEUS SEMPRE ACOMPANA	VELADE COMIGO	SEREDAS AS MIÑAS TESTEMUÑAS
NOVEMBRO	¿ABRIMOS OS OLLOS?	UN GRAN LIBRO	MARÍA DIXO SÍ A DEUS	A TAREFA DE VIVIR	NA CRUZ	¿CÓMO PODE SER?
DECEMBRO	O ANIVERSARIO DE XESÚS	UN GRAN LIBRO	A MENSAXE DE XESÚS	O NACEMENTO DE XESÚS	SIGO VIVO ENTRE VOS	CAMBIAR DE DIRECCION
XANEIRO	O VALOR DOS AMIGOS	UNA GRAN AMISTADE	DEUS PERDOA SEMPRE	AMAR A DEUS E O PRÓXIMO	SIGO VIVO ENTRE VOS	CAMBIAR DE DIRECCION
FEBREIRO	¿DÓNDE VIVIU XESÚS?	UNA GRAN AMISTAD	UN AMOR INCONDICIONAL	XESÚS FAI O BEN	A TENTACION	O MUNDO NOVO
MARZO	VIDA	UNHA SEMANA IMPORTANT E	UN AMOR INCONDICIONAL	AMAR COMO XESÚS	O OUTRO. MEU IRMÁN	ABRAHÁN, O PATRIARCA
ABRIL	UNA GRAN FAMILIA	FORMAMOS UNHA FAMILIA	O PROMESA DO ESPÍRITU	ESTOU XUNTO A VOS	O OUTRO. MEU IRMÁN	MOISÉS, O GUÍA
MAIO	ESTAMOS DE FESTA	UNHA EQUIPA UNIDO	SEGUIMOS A XESÚS	A TAREFA DA IGREXA	O CAOS EO DILUVIO	DAVID. EL-REI
XUÑO	QUÉ RECORDOS	UN ANO ESPECIAL	FORMAMOS UNHA NOVA FAMILIA	MARÍA. MODELO DE CRENTE	A NOVA ALIANZA	ISAIAS, O PROFETA